

LATRICADAS 26

IES MURALLA ROMANA | MAIO 2021



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



A NOSA REVISTA

Relatos, actividades,
debuxos, noticias...

NA NOSA LINGUA!!!

EDLG

CURSO 2020-2021

EDITORIAL

ALUMNADO DO IES MURALLA ROMANA DE LUGO

(Omítense os datos do alumnado participante por mor da normativa de protección de datos.
Existe un rexistro de autoría na Vicedirección do Centro)

EQUIPO EDLG DO IES MURALLA ROMANA



SUMARIO

EDITORIAL

DE AQUÍ E DE ALÁ

ESTES...SABEN LATÍN...E GREGO!!!!

O QUE PASA NO MURALLA

LER É VIVIR

LETRAS GALEGAS

MARCAPÁXINAS XELA ARIAS

UN PEQUENO GRAN PASO

FOI UN PRACER

DENDE O CORAZÓN DE SUDAMÉRICA...

GRAFFITI E HAIKUS, CREATIVIDADE DA RAPAZADA

COLLAMOS BO RITMO

BAILANDO VOU

DE MAIOR QUERO SER

FEIXOADA, O SABOR DE BRASIL NO MURALLA

DE CAMIÑO

CERTAME DE PORTADAS

AGRADECEMENTOS

CONTRAPORTADA

EDITORIAL

As cousas nacen sen nome. A realidade está aí, patente e alguén ten que poñerlle nome.

As linguas nomean. Nomean a realidade, toda a realidade, a que se ve e a que non se ve. Nomea cada una das emocións do ser humano, cada un dos seus sentimentos, cada unha das súas inquedanzas, frustracións, alegrías, penas, desenganos e proxectos. A lingua nomea!!!

Hai un *triángulo* máxico entre o ser humano, a realidade e a lingua. Un binomio asombroso entre intelixencia e linguaxe, entre razón e palabra.

Os pobos expresan a súa vida na súa lingua e así como a natureza e a historia son evolutivas, as linguas tamén o son.

Unha terra, unha lingua, un pobo...un trinomio nunha unidade.
Nomeemos a nosa realidade na nosa lingua,

A lingua facémola entre todos e todas, dende a pluralidade de opción, sentimentos, experiencias, por iso, LEMBREMOS SEMPRE....



SOMOS PLURALS!!!!

VIVAMOS EN GALEGO!!!!!!

DE AQUÍ E DE ALÁ

O noso mundo é global, interconexionado cada vez máis, por iso nas nosas aulas temos persoas de moi variadas culturas e procedencias xeográficas...!!! Aí un par de exemplos de como viviron dúas persoas - alumnas do noso centro- a súa chegada a Galicia DENDE DOUS CONTINENTES DIFERENTES. DENDE 4º!!!


“Sempre soñei coller un voo a través do mar. Despois de nove anos de separación da miña nai, logramos reunirnos o 23 de decembro de 2018. Ela foi buscarme ao aeroporto de Madrid, posto que eu non coñecía o camiño cara ao meu novo fogar. Moitas cousas semellaban como eu esperaba, un país desenvolvido e unha xente amable. É unha grande historia.

As cousas foron bonitas, pero duras. Nova lingua, novos costumes... para moitas cousas necesitaba tradutor... nada é perfecto, pero tiven axuda! O clima tamén é moi diferente. A miña estación favorita é o verán!!!

Estou estudando neste instituto Muralla Romana, onde moita xente me axuda na miña educación, en concreto coa lingua. Quero permancer aquí coa miña familia!! Tamén fixen moitos amigos, podo practicar deporte e ter proxectos! Eu quero establecerme aquí coa miña familia, como terra de oportunidades, de promisión, como se di na relixión cristiá.”

OUTRA EXPERIENCIA:

“Cando cheguei a España non notei demasiado cambio, porque cheguei en verán... Mais cando comezaron as clases dinme conta de que a xente era moi distinta. A forma de vida era moi diferente á como a coñecía. Unha das cousas que máis me sorprende foi a seguridade que tiñamos nas rúas e a tranquilidade coa que a xente tomaba as cousas. Aunque me encanta España, estraño bastante os costumes, as celebracións e a súa comida.”



ESTES... SABEN LATÍN... E GREGO!!!

O alumnado de grego de 1º de BAC comparten cos nós estas ideas!!!

As palabras que estamos a utilizar no noso día a día veñen do latín e do grego, que son dúas linguas de procedencia indoeuropea.

Grazas ó coñecemento destas linguas podemos saber cal é a orixe de moitas palabras, é dicir, a súa etimoloxía, a súa incorporación a un idioma, os detalles dos seus cambios na forma e significado...



Do latín e do grego herdamos a maior parte das palabras, como por exemplo: ludópata, ludopatía e ludoteca, do latín *ludo-*, que significa xogo, e do grego *-pata* (πάθος), que significa sufrimento.

Tamén do latín temos nomes de persoas, por exemplo, Alba, que vén da palabra *alba*, cuxo significado é “branca”.

Do grego temos palabras como “talasoterapia” de *Θάλασσα*, que significa “mar”; tamén temos as palabras hípica, hipódromo de *ἵππος*, que significa “cabalo”. A palabra “hipopótamo” está formado por *ἵππος* (cabalo) e *ποταμός*, que significa “río”, o cal nos dá “cabalo de río”.

En canto a nomes de persoas do grego, temos nomes como Sofía, que procede da palabra *σοφία*, cuxo significado é “sabedoría”.

Pero dos romanos e dos gregos non só herdamos palabras, senón tamén moitas outras cousas que configuran a cultura occidental: mitos e lendas, como o mito grego de Pandora ou o romano da loba capitolina aleitando os xemelgos Rómulo e Remo; arte, literatura, as bases do dereito, conceptos políticos, construcións como o acueduto de Segovia, a muralla Romana de Lugo...

Mito grego: Pandora

Pandora, que significa “todos os dons” , foi a primeira muller, creada por Hefesto por orde de Zeus, co fin de castigar os homes por ter obtido o lume coa axuda de Prometeo. Os outros deuses proporcionáronlle diversas calidades e virtudes, como a beleza, a gracia, a habilidade manual, pero Hermes outorgoulle a mentira e a falsidade.


Foi enviada á Terra para casar con Epimeteo, o irmán de Prometeo.
Unha lenda di que Pandora destapou unha caixa destinada ó seu marido, na cal estaban pechados todos os males do mundo – outros din todos os bens- levada pola curiosidade para mirar o seu contido. Todo o que contiña saíu nese momento espallándose polo mundo. Pandora alarmada pechou a caixa rapidamente cando só quedaba no fondo a esperanza, de aquí que ” a esperanza é o último que se perde”.



O QUE PASA NO MURALLA CO BLOG DA NOSA BIBLIO, *LECTURAS E ANDANZAS*, E OUTROS...

Ademais do blog do club de lectura: *Lecturas e Andanzas* a información flúe e traspasa a Muralla tamén coa web oficial do centro, e co blog do EDLG, *latricando no muralla*...

O BLOG EDLG



A NOSA WEB!!



LECTURAS E ANDANZAS, BLOG DA NOSA BIBLOTECA, DO CLUB DE LECTURA, INSTRUMENTO DE COMUNICACIÓN E INFORMACIÓN DA NOSA COMUNIDADE EDUCATIVA...



UN INSTRUMENTO, TAMÉN DE CELEBRACIÓN E CONMEMORACIÓN!

PASAMOS A FACER UN BREVE PERCORRIDO POLO BLOG DESTES/AS LECTORES/AS ANDANTES QUE ESTIVERON PRESENTES EN TODAS AS CONMEMORACIÓNS QUE VIVIMOS DURANTE ESTE CURSO NO CENTRO.




Non hai camiño para a paz, a PAZ é o camiño. (Ghandi)
Non é posible manter a paz usando a forza. (Einstein)
A paz comeza cun sorriso. (Madre Teresa)

EMPATÍA
 HARMONÍA
 LIBERDADE
 XENEROSIDADE
 BONDADE
 VERDADE
 IGUALDADE
 RESPECTO
 AMIZADE
 COMPAÑEIRISMO.....



MICRORRELATOS: PAZ, SOLIDARIDADE, RESPECTO, AMIZADE E TOLERANCIA



"PEQUENOS INIMIGOS"
 DOUS COELLIÑOS DISCUTÍAN
 SEMPRE E REMATABAN DICINDO:
"EU TEÑO A RAZÓN".
 ATA QUE UN DÍA, AO ESCOITARSE,
 DESCUBRIRON QUE PENSABAN
 IGUAL, PORQUE OS DOUS SÓ
 BUSCABAN TOLERANCIA E
RESPECTO.

MARZO, MES DA IGUALDADE

Neste mes andamos algo atarefad@s porque son moitos os temas que nos preocupan e aos que queremos sumar o noso gran de area para demostrar que somos o futuro, e que, polo tanto, buscaremos solucións para que este mundo vaia a MELLOR. Comezamos pensando no **día 8, o DÍA DA MULLER**. Algunhas persoas, a día de hoxe, aínda se preguntan, por que? ou cando se celebrará o día do home? Pois aí está o problema. Nós sabemos que queda moito camiño por percorrer ata poder berrar ben alto, **EN TODOS OS RECUNCHOS DA TERRA, QUE CHEGOU A IGUALDADE!**



Ao noso xeito, puxémonos mans á obra e comezamos a compartir as ideas que ían xurdindo para amosar o noso compromiso con este tema. E aquí tedes unha pequena mostra.

ACRÓSTICO (desculpas, pero atopamos poucas palabras que comezasen por LL-, por iso...)



Selección de lecturas. Eliximos uns textos e poemas que nos gustaron porque reflectían A REALIDADE a día de hoxe, aínda que estiveran escritos hai moito tempo. Si, estamos referíndonos a obras de **Rosalía de Castro** e **Xohana Torres**. Textos aos que puxeron voz os/as nosos/nosas compañeiros/as.



O alumnado de 1ºESOA traballou coa profesora de Educación Física a presenza da muller deportista nos medios de comunicación e a súa situación na sociedade. Rematou esta actividade cun manifesto. Recomendamos ver o vídeo (páxina web do instituto).



E chegou a hora de **Matrioskas**, é dicir, de que Marta e Sofía nos fixeran viaxar coas súas historias e coa súa música ata lugares onde as emocións, sentimentos e solidariedade fan soñar CUN MUNDO MELLOR.

Para máis información, podedes visitar o blog do club de lectura. GRAZAS.



LEMBRANDO A ROSALÍA DE CASTRO

É difícil esquecerse do Día de Rosalía cando esta escritora deixou unha pegada tan fonda na nosa cultura, e unha obra- aínda hoxe- de plena actualidade. Seguro que nestes momentos que nos tocou vivir, dende xa vai para un ano, Rosalía diría:

*"Pasan naquesta vida
cousiñas tan estrañas,
tan raros feitos vense
[...]"*


*Que non che digo nada...
Pero ¡vaia!*

Pero nós, como representantes da mocidade, queremos achegar os versos finais do seu poema "Alborada" para amosar que temos a ilusión e enerxía que a Rosalía lle gustaría ver e sentir.

*"¡Arriba
todas, rapaciñas do lugar,
que o sol
i a aurora xa vos vén a despertar!
¡Arriba!
¡Arriba, toleirona mocidad,
que atru-
xaremos -cantaremos o ala... lá...!!!"*

E así, con esta enerxía e ilusión, decidimos lembrar a autora realizando uns marcapáxinas coa súa figura para que nos acompañasen sempre nas nosas lecturas (sen esquecer incorporar, como compañeiro inseparable de Rosalía, un libriño. Todo isto puidemos realizalo grazas á colaboración de **Marta Acebo Goy**, que nos impartiu o taller e tivo toda a paciencia do mundo para que puideramos honrar a Rosalía como se merece e estar orgullos@s dos nosos traballos.

GRAZAS **MARTA** POR FACERNOS LEMBRAR A ROSALÍA DE CASTRO E AMOSAR QUE SEGUE ESTANDO PRESENTE.



LEMBRANDO A ROSALÍA, aí van estas palabras para MARTA.

*"Nós intentar, intentar, intentámolo,
a grasia si era moita,
que nunca (delo nos pesa)
somos meniñ@s gracios@s."*

*Fixemos como mal sabiamos
dándolles mil reviravoltas,
cal fan aquí que non saben
direitamente unha cousa."*





*Pero con Marta ao lado,
e paseniñamente...
fomos facendo estes marcapáxinas
coma quen non quer a cousa."*

Máis información no blog do club de lectura

DÍA 25 DE NOVIEMBRE

Todos e todas amosamos o noso compromiso para rematar, dunha vez por todas, con este tipo de violencia e esixir RESPECTO para todas as persoas que vivimos neste mundo.

Achegamos as nosas palabras empregando diferentes canles, vai unha pequena mostra das coplas, cantigas, adaptacións, carteis, linguas...



CANTIGAS PARA A AMIGA

Meu amigo, xa non te quero ver máis,
frio amargo e cortante
palabras que doen como coiteladas.

Meu amigo, xa non quero máis abrazos teus,
frio amargo e aterrecedor
palabras que doen como coiteladas.

Frio amargo e cortante
anos de amor en van
palabras que doen como coiteladas.

Frio amargo e aterrecedor
anos de amor perdido.
palabras que doen como coiteladas.

Ai, violencial Quen te inventaría?
Xamais serás a miña amiga.
Oxalá te despedidas dunha vez!

Ai, violencial Quen te crearía?
Xamais serás a miña amada.
Oxalá te despedidas dunha vez!

Xamais serás a miña amiga
Desexo a túa partida
Oxalá te despedidas dunha vez!

Xamais serás a miña amada
Desexo a túa marcha.
Oxalá te despedidas dunha vez!

Adaptación de "Carmiña, Carmela" feita polo
alumnado de 2ºESO para o día 25 de novembro.

Carmiña, Carmela

Co son da miña gaitiña,
a música hei de levar,
a tódalas mulleriñas,
ledicia e felicidade.

Eu son Carmiña,
carmiña, Carmela,
eu bailar bailo,
mais con quen eu queira,
mais con quen eu queira
eu hei de bailar,
e ninguén a min
me ha de obrigar

Nin os zapatos piden medias,
nin as medias piden zapatos,
as rapaciñas de agora,
non consenten o maltrato.

Eu son Carmiña,
Carmiña, Carmela,
eu bailar bailo,
mais con quen eu queira,
mais con quen eu queira
eu hei de bailar,
e ninguén a min
me ha de obrigar

Se o meu corazón ti queres,
ti terás que demostralo,
e se non é con respecto,
media volta irás dando.

Eu son Carmiña,
Carmiña, Carmela,
eu bailar bailo,
mais con quen eu queira,
mais con quen eu queira
eu hei de bailar,
e ninguén a min
me ha de obrigar

25 NOVEMBRE: JOURNÉE INTERNATIONALE POUR
L'ÉLIMINATION DE LA VIOLENCE À L'ÉGARD
DES FEMMES

POÈMES

Je me tais
Ta gueule!
Il me tue
Nous nous taisons,
Vous, vous taisez
Ils assassinent
Perrine Le Querrec

Eu calo
Calal
El márame
Nós calamos
Vós, vós calades
Eles asasinan.

Je les ai vues
Elles, leurs visages aux bleus camouflés.
Elles, leurs meurtrissures cachées
Entre les cuises
Elles, leurs rêves capturés,
Leurs mots muets
Elles, leurs sourires fatigués..
Je les ai vues toutes passer dans la rue
Regardant derrière elles,
Inquiètes d'être suivies
Deguisées en femmes normales.
Personne ne peut les reconnaître
Sauf celles qui leur ressemblent.

Vinas
as súas caras con negróns camuflado
os seus negróns escondidos
entre as nádegas
os seus soños atrapados
as súas palabras mudas
os seus sorrisos cansados
Vinas a todas pasar pola rúa
mirando detrás delas
preocupadas por ser seguidas
Disfrazadas de mulleres normais.
ninguén pode recoñecelas
excepto as que se lles parecen.

Les âmes aux pieds nus, Marlene al-Matiri Almas cos pés expostos

ÁLBUM FOTOGRÁFICO



Para máis información, blog do club de lectura

DÍA DO LIBRO: COA NOSA BIBLIOTECA, LER MOLA!

Este fermoso cartel anunciaba o que nos uniría aos membros da comunidade educativa ao longo do mes de abril: **amosar o gusto pola lectura e animar a todas as persoas a LER.**

Comezamos achegándonos á biblioteca para elixir o noso libro, deseguido había que buscar un lugar do centro que invitase a ler. MEU DITO, MEU FEITO!

Na imaxe podedes ver o fotograma que dá comezo ao vídeo realizado.




O alumnado de 2ºESO elaborou uns **LEMAS** para acompañar esta actividade.




LER É APRENDER.

LER É GOZAR


DA HISTORIA E MANTELA LA TUA MEMORIA



LER É IMAXINAR.



LER É IMAXINAR A TÚA
PROPIA HISTORIA



LER É UNHA
FORMA DE VIDA.

LER É
COMPRENDER.

E non podiamos rematar este día sen algunha recomendación para gozar do pracer da lectura. Nesta ocasión neta e avoa falan de *As historias do Lobo de Area* de Asa Lind.



Os membros do Equipo de Dinamización da Biblioteca e os do Club de Lectura **queremos agradecer a todos e todas a vosa participación nesta actividade.** Grazas por demostrar que nos gusta ler e que a nosa biblioteca está "viva". Esperámosvos nela, hai moitas máis lecturas por descubrir. (Para ver os vídeos desta actividade, non tedes máis que entrar no blog do club de lectura)

LER É VIVIR



Dende 1º e 2º, pinta ben!

“A MIÑA PAIXÓN POLA A LECTURA

Gústame moito ler, porque cando estou cun libro por un momento esquézome de todos os meus problemas. Nese momento sinto coma se fora parte dese libro, coma se fora un dos personaxes e estivera vivindo a aventura que está escrita nese libro.

Encántame esa sensación, xa que cada vez que encontro un novo libro paréceme que me atopo cun novo universo e ese sentimento lémbreme, que o mundo é moi grande e que hai moitas historias que descubrir. A parte doutros moitos valores que me ensina a lectura, tamén aumenta a miña creatividade, o que me axuda a crear as miñas obras de arte.

Gústame rematar un libro para logo pintar un cadro no que transmitir o que me fixo sentir. Por todo isto, apaixóname tanto ler, xa que sinto que non fai falta viaxar por todo o mundo para coñecelo, lendo libros podes coñecer cada recuncho do mesmo.”



DESEÑOS QUE PARTICIPAN NO 11º CONCURSO EUROPEO DE MARCAPÁXINAS PROXECTO ETWINNING LETRAS GALEGAS 2021 – XELA ARIAS



PARA SABER MÁIS, BLOG [LECTURAS E ANDANZAS](#)

Como vemos, traballo ben feito e implicación de todo o Equipo da Dinamización da Biblioteca e o Club de Lectura e profesorado de TIC que colaborou dende o comezo ata o fin!!! Parabéns!!!!

LETRAS GALEGAS



Este ano a persoa homenaxeada é Xela Arias!!

Imos coñecela !!!!

Xela Arias Castaño naceu en Sarria en 1962. Filla do escritor Valentín Arias, foi unha das voces máis singulares da poesía galega contemporánea e sobresaíu tamén como editora e tradutora.

Os seus primeiros anos transcorren na contorna da Granxa de Barreiros, un dos proxectos pedagóxicos de Antonio Fernández López que buscaba integrar a natureza e a cultura galegas na aprendizaxe, na aldea de Ortoá.

En 1965, a familia mudouse a Lugo e ela iniciou os estudos no Colexio Fingoi. Por mor dos compromisos laborais do pai trasladouse máis tarde á parroquia de Sárdoma, en Vigo, onde rematou a ensinanza primaria. Para daquela xa gañara o primeiro premio no VI Concurso de Contos Infantís O Facho.

De 1976 a 1980, cursou o bacharelato e o COU no Instituto Castelao. Neste ano abandonou as aulas e comezou a traballar en Edicións Xerais de Galicia, onde desempeñou primeiro labores de administración e logo de corrección de estilo e de edición.

Desde 1982, deu a coñecer os seus poemas en recitais, festivais e xornais, revistas e fanzines (*Dorna, Faro de Vigo, A Nosa Terra, Festa da Palabra Silenciada* etc.).

En 1986 foi finalista do premio Losada Diéguez co seu primeiro libro, *Denuncia do equilibrio*. En 1990 saíu do prelo *Tigres coma cabalos*, asinado coa súa parella, o fotógrafo e matemático Xulio Gil, e, en 1996, o poemario *Darío a diario*, dedicado ao seu fillo. De 2003 é a súa derradeira obra, *Intempériome*.

Exerceu un labor pioneiro no mundo da tradución, ao verter ao galego os textos de Gianni Rodari (*Contos ó teléfono*), Jorge Amado (*O Gato Gaiado* e a *Andoriña Señá*), W. Fernández Flórez (*O bosque animado*), Roald Dahl (*As bruxas*) ou Bram Stoker (*Drácula*); tamén participou na tradución de *O Quixote* de Cervantes ou *Dublineses* de Joyce. O seu traballo como tradutora fíxoa merecente de varios premios: o da Sociedade da Língua Portuguesa (1987) por *Amor de perdición*, de Camilo Castelo Branco; o Ramón Cabanillas (1994) por *O derradeiro dos mohicanos*, de Fenimore Cooper, e, postumamente, o Plácido Castro (2004) por *O Spleen* de París, de Baudelaire. Foi membro da Asociación de Tradutores Galegos e formou parte do consello de redacción de *Viceversa*, revista galega de tradución.

Sen abandonar as anteriores ocupacións, en 1991 retomou os estudos para cursar Filoloxía Hispánica na Universidade de Vigo e, posteriormente, Galego-Portugués. Desde 1999, exerceu a docencia en distintos institutos da xeografía galega. Foron anos de intensa actividade cultural e implicación cívica, nos que participou nas mobilizacións contra a Guerra de Iraq e a catástrofe do Prestige, na Festa da Muller ou nas Noites Solidarias de Implicadas no Desenvolvemento.

A súa morte en 2003, cando preparaba con Fernando Abreu o proxecto poético e musical *Vencerse é cousa de se tratar*, ocasionou unha fonda conmoción no mundo cultural, que lle tributou numerosas lembranzas e homenaxes, como a organizada en Vigo en 2004 pola Asociación Galega de Editores (AGE), a Asociación de Tradutores Galegos (ATG) e a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG).

Xela Arias anticipou nos anos oitenta moitos temas e características formais da lírica galega da década seguinte. Atreveuse a explorar o diálogo entre a poesía e a fotografía ou a música e procurou novos espazos para ela en recitais, festivais e outras intervencións. A súa é unha poesía urbana, que rompe formalmente co código poético, cunha dimensión social e precursora da escritura de xénero. (Fonte, Lingua.gal)

PARA SABER MÁIS:

LINGUA.GAL

ACADEMIA.GAL

UN PEQUEÑO GRAN PASO

DO COLEXIO AO INSTITUTO

Recén chegadiñas a 1º!!!

“Cando empecei o instituto fai pouco para min foi un cambio moi grande, por moitas cousas en xeral. O que máis me custou foi o de non ter os mesmos compañeiros que tiña no colexio, o de despedirme de todos, mellor dito. Tamén o tema dos profesores, son moi diferentes os profesores do instituto aos do colexio, son máis estritos por así dicilo.

Tamén están os temas de exames, son moi diferentes os exames do instituto aos do colexio, son máis difíciles cós do colexio, tamén os horarios, hai máis horas de clases no instituto ca no colexio.

Foi un cambio un pouco difícil e aínda máis agora coa COVID-19, pero a parte de todas as cousas malas que ten o instituto, tamén ten cousas boas, grazas ó instituto coñecín moita xente nova e aprendín moitas cousas novas tamén”.



FOI UN PRACER

Despedida dun membro da nosa comunidade educativa. Boa viaxe!!

“Este curso acaba unha das mellores etapas. Acabamos a nosa experiencia no instituto. Despedímonos da nosa segunda casa, o IES Muralla Romana. Dende o primeiro día ata o derradeiro, tanto profesorado como compañeiros/as, formamos unha gran familia e, a pesares de que os nosos camiños se separan, sempre teremos en común o IES Muralla Romana.”



DENDE O CORAZÓN DE AMÉRICA DO SUR

Máis interculturalidade!!!!

HERBA MATE

O consumo da herba mate no Paraguai ten tres vertentes, a primeira é o “mate” (ka’ái), que consiste en cargar a herba nun pequeno matero (ka’ aygua), cebala con auga quente e sorber a infusión mediante unha lámpada; a segunda a é o “mate cocido”, ou simplemente “cocido”, auga quente sobre unha porción de herba previamente queimada cunha brasa e azucre, déixala repousar e bébese como café ou té. A terceira forma é a máis popular e autenticamente paraguaia, trátase do “tereré”, voz onomatopeica con que se identifica o mate frío ou xeado que se prepara co aditamento de yuyos medicinais machucados para que liberen na auga o seu contido de zume. No Paraguai o tereré tómase xeralmente en grupos, familia, amigos, compañeiros de traballo ou con algún visitante ocasional. A beberaxe nunca é negada a ningunha persoa. Unha roda de tereré (tereré jere) pode durar longos minutos e ata horas, se a herba xa está moi lavada cámbiase e a sesión continúa. Moitos sosteñen que unha roda de tereré facilita a comunicación interpersoal, porque mentres un a toma, outro fala, os demais escoitan e cada un intervéen na súa quenda na cháchara; ademais, esta bebida é patrimonio común de todos os paraguayos, homes, mulleres, ricos, pobres, sabios ou analfabetos, vellos e novos son igualmente fanáticos desta bebida. O tereré rompeu os moldes tradicionais do seu consumo. A Unesco declarou o Tereré como patrimonio cultural inmaterial da humanidade.

A herba mate é un potente antioxidante, fonte de vitaminas con efecto enerxizante e axuda a diminuír o colesterol malo.


Para os paraguayos, o tereré é indispensable, é un hábito moi común e estendido en todo o país, que, ademais de calmar a sede, ten, esencialmente, unha función social unificadora. É un rito cultural que ten que ver coas nosas características físicas, climatolóxicas (a calor no país) e culturais, porque vén dos nosos devanceiros, os guaraníes. Pero non é só unha bebida refrescante é, sobre todo, comunicación e integración, esa é a alma do tereré





GRAFFITI E HAIKUS, CREATIVIDADE DA RAPAZADA

A criatividade reivindicativa do noso alumnado queda ben manifesta nos haikus e gaffiti presentados aos certames!!! GOZÁDEOS!!!

GRAFFITI



HAIKUS



A RA SALTA Á

AUGA; NADA E XOGA

ELA É FELIZ








ELES QUÉRENSE

SENDO HOMES

PORQUE

É PURO AMOR.

Haikos

- O amor non é unha palabra
é un sentimento,
é algo que se mostra. 
- Pon mar de xente
imos ter amigos incríbles
brillando como estrelas. 
- Namorádate unha vez
non o olvides
coida o teu corazón. 
- Se non tes soños
non tes vida
só soledade, soña. 
- O amor é un sentimento
como a alegría e a amizade
pero isto pode ser traizoeria. 
- É unha verdade
os amores eternos
son os máis fermosos. 
- A amizade é unha flor
canto máis a regas
medra máis, coecendo. 
- Os animais son moitos
nunca che fallan
e nunca che deixan só. 
- Coida o indefenso,
dalle cariño
e non lle fagas dano. 

***Ola, amigo meu,
douche as grazas
por darme unha sonrisa.***

***A CHOIVA CAE,
HAI LÚA CHEA
E FORTES VENTOS.***

COLLAMOS BO RITMO

Artistas en 1º!!

Que expresa a danza?

A danza tamén é unha forma de comunicación, úsase a linguaxe non verbal entre os seres humanos, onde o bailarín ou bailarina expresa sentimentos e emocións a través de xestos e movementos. Realízase maioritariamente con música, xa sexa unha canción, peza musical ou tons.

Que é a danza?

A danza é unha arte onde se utiliza o movemento corporal xeralmente con música. É tamén chamada a linguaxe do corpo que se vale dunha secuencia de movementos corporais.

A historia da danza.

A historia da danza estuda a evolución desta a través do tempo. En 1661, Luís XIV, tamén chamado o rei Sol de Francia, autorizou a primeira Real Academia da danza francesa en París.

A música.

A música posúe a capacidade de espertar nas persoas sentimentos de alegría, melancolía, tensión, relaxación... Algúns xéneros musicais teñen unha forma de danza en paralelo, coma a música barroca e danza barroca; mentres que outros, coma a música clásica e ballet clásico, desenvolvéronse por separado.



BAILANDO VOU.....

Paixón polo baile dende 1º!

O BAILE


“O baile é o mellor que hai no mundo, é moi divertido e eu recoméndoo. O baile transmite bos sentimentos. Bailando síntome moi alegre, ademais de coñecer xente nova e facer novos amigos, o baile é super san porque sempre tes estás movendo. Dá igual que tipo de baile che guste máis, porque todos son fantásticos. No baile apréndese moito, se te implicas e che gusta ao final acabarás sendo bo nel. Cando vas aprendendo cústache máis porque non che saen os pasos á primeira e cústache aprendelos, pero se practicas moito e te esforzas, ao final saírame mellor.

Nesta actividade pódese bailar só, en parella en grupo e todos os que queiran. Axúdache a desaforar e é increíble e divertido. Esta actividade lévase facendo dende o ano 4000 a.C. e desa forma comunicábanse cando aínda non existía a comunicación verbal.

Os bailes máis coñecidos da actualidade son: o hip hop (que é o que máis me gusta), a salsa, a bachata, o baile robot (que tamén me gusta moito), o ballet e miles e miles máis.

Os mellores bailaríns(para min) son : Maurice Béjart (que baila ballet moderno) e Vaslav Nijinsky (que baila ballet clásico) que son persoas que non sabían bailar e perseguiron o seu soño esforzáronse e o conseguiron.

Ti tamén podes ser como eles, se te esforzas e persegues o teu soño conseguíralo coma eles o fixeron”.



DE MAIOR QUERO SER...

Xa dende 2º se poden facer plans!!!!

“Eu, de pequena, quería ser profesora de primaria ou de instituto, pero a medida que me facía maior ían crescendo as dúbidas en min. Aos dez anos quería ser veterinaria porque lles collín moito cariño aos animais, sobre todo aos cans.

Entón eu quero ser veterinaria porque me encanta a idea de poder salvar os animais e axudalos a que teñan unha boa vida, aínda que tamén quero ser criminóloga. Despois de ver tantas series de detectives e policíaas, encántame esa profesión”.



Que grande é ser nov@!

Canta variedade nas nosas aulas! Que boas expectativas!

A nosa rapazada de 1ºESO ten moitos e variados intereses cara a súa realización profesional no futuro. Atopamos vocacións ricas e variadas...! Temos futuros arqueólogos, futbolistas, profesoras de infantil, de secundaria, actrices, informáticas, enxeñeiras, automobilistas, psicólogos, maquilladoras, profesores de educación física, futuros científicos... E sobre todo temos moita ilusión, gañas de facer, proxectos persoais!

Desexarlles moi bo camiño e lembrarlles que os soños están para cumprirse!


FEIXOADA, O SABOR DO BRASIL NO MURALLA

Dende 1º e 2º, con sabor!!!

Unha das cousas boas da mestura de culturas, entre tantas que ten, é a mestura da gastronomía...

A gozar de sabores diferentes!!!!

Imos ao Brasil!!!!



INGREDIENTES

Para seis persoas.

1 kg de feixóns negros	2 patas de porco salgadas
3 litros de auga	1 rabo de porco salgado
2 linguas afumadas ou salgadas	2 orellas de porco salgadas
1 kg de carne seca	3 cebolas picadas
1/2 kg de costelas de porco salgadas	3 dentes de allo picados
1/2 kg de lombo de porco salgado	4 follas de loureiro
1/2 kg de salchicha de pepperoni afumada	Puré de ají picante (opcional)
2 paños	1/2 cunca de aceite ou manteiga de porco
1/4 kg de touciño afumado	

Antes de comezar poñemos os feixóns a remollo en auga fría durante 12 horas. Poñemos as carnes, partidas e cortadas segundo o gusto, nunha tixola, xuntas, agás o chourizo, que vai cocido. A continuación preparamos un rustrido coas verduras. Escorremos os feixóns da auga de remollo e lavámoslos baixo un chorro de auga fría. Colocámoslos nunha pota e cubrímoslos con abundante auga, tres centímetros por encima do nivel dos feixóns. Cocemos uns 20 minutos

Incorporamos as carnes reservadas, o loureiro e botamos sal ao gusto. Deixamos cocer durante 30 minutos a lume suave. A continuación, agregamos o rustrido á pota. Removemos e deixamos cocer a lume suave durante 40 minutos ou ata que os feixóns estean tenros e a mestura cremos

DE CAMIÑO...

Camiñando dende 2º e 3º!!

O *Camiño de Santiago*

Que é realmente?

O Camiño de Santiago é unha viaxe, que se fai ata un santuario ou lugar sacro con importante significado relixioso. É, tamén, unha viaxe realizada por un crente (ou grupo de crentes) cara a un lugar de devoción e lugar considerado como sacro segundo o cristianismo. Este percorrido non só é realizado por xente da zona, senón que é feito por xente que vén dende distintas partes do mundo, cómpre dicir que é un tipo de "tradición cristiá", polo que non é "válido" para todas as relixións.



O seu principal obxectivo é chegar ata a catedral de Santiago de Compostela. Lugar onde se atopa o sepulcro do apóstolo Santiago.

O camiño de Santiago ten varios compoñentes, un é a tradición e o esforzo que se realizou por recuperalo; outro son as motivacións persoais de cada peregrino.

"Peregrinar é iniciar viaxe a un lugar sacro ou de devoción. Xeralmente é un proceso que se realiza andando, aínda que tamén se pode facer por outras vías. O termo provén da palabra latina **peregrinatio**, que significa estancia no estranxeiro. A peregrinación leva unha serie de sacrificios por parte das persoas que a practican. Estes poden ser de diversa índole e non todos os peregrinos se someten a eles no mesmo grao. Algúns destes sacrificios son preparar a peregrinación, abandonar as tarefas cotiás e as pranteiras e soportar a fatiga que supón o esforzo de camiñar."

Cal é a súa orixe?

Durante varios séculos, os árabes establecéronse gobernando no centro e sur da Península, e Santiago converteuse no símbolo e no protector da reconquista (o proceso en que os príncipes españois recuperaron a península ocupada polos mouros).

Santiago foi representado coma un santo-guerreiro e chamóuselle Santiago Matamouros. Dise que moitas veces, de maneira milagrosa, o santo interveu sobre

un cabalo branco con decisión para axudar os cristiáns a derrotar os mouros nas moitas batallas libradas nos séculos posteriores (a reconquista termina en 1492 coa derrota dos árabes polo rei Fernando e a raíña Isabel).

Santiago de Compostela novo centro de peregrinación:

(Os inicios da peregrinación a Santiago de Compostela)

Pouco despois do descubrimento da tumba de Santiago, comezaron as peregrinacións dende todos os recunchos de Europa a Santiago de Compostela movidos pola fe cristiá, convertendo dese modo a Santiago de Compostela no terceiro gran centro da Peregrinación Cristiá tras Xerusalén e Roma.

A historia di que, antes de facer o Camiño, o peregrino tiña que desposuírse das súas pertenzas e, a miúdo, vender ou hipotecar as súas posesións para financiar a viaxe. Facía testamento e daba disposicións para a administración dos seus activos durante a súa ausencia. A miúdo, a igrexa interviña activamente nesta función de tutela.

A viaxe era de ida e de volta.

Cales eran os motivos principais da peregrinación?

A decisión de facer a peregrinación era, en xeral, unha decisión libre e persoal:

- Para pedir unha graza.
- Para cumprir un voto.
- Como unha busca persoal relixiosa.

Porén, en moitos casos, tamén era imposto como castigo por un xuíz ou coma penitencia polo confesor por pecados particularmente graves. Os ricos podían enviar a unha persoa facer a peregrinación pola súa conta.

Os peregrinos habitualmente viaxaban en grupos para apoiarse e protexerse os uns ós outros: os perigos estaban representados polo estado precario das estradas, os desastres naturais e, especialmente, polos bandidos que vagaban polas rúas



A día de hoxe, o Camiño de Santiago é unha das grandes rutas de Peregrinación. E aínda que hoxe en día son diversas as motivacións para facer o Camiño de Santiago, tanto relixiosas como turísticas, hai que dicir que se converteu nun gran motor cultural e económico e que sobran as razóns polas que facer o Camiño de Santiago.

Pero... Por que tantas persoas peregrinan no Camiño de Santiago?

A peregrinación a Santiago de Compostela realízase, como outras moitas peregrinacións, para render homenaxe ós restos dun mártir. No caso do Camiño de Santiago, a figura á que se rende culto é Santiago o Maior. O Apóstolo Santiago tamén foi un peregrino que viaxou por toda España e Portugal. A súa motivación foi predicar o evanxeo. De aí que sexa considerado o patrón dos peregrinos.



CERTAME DE PORTADAS

Varios, dende distintos cursos, ademais do que figura na portada, foron os deseños presentados ao Certame de portada para a nosa revista *Latricadas*. Non cabe dúbida de que creatividade non faltou...

ALGÚNS DOS DESEÑOS
QUE PARTICIPARON
NO CONCURSO PARA
ELIXIR A
PORTADA DA
REVISTA
"LATRICADAS"



AGRADECEMENTOS

O EDLG do IES MURALLA ROMANA de Lugo agradece a participación nesta revista a todo o alumnado e profesorado implicado.

Felicita, tamén, a todas as persoas que deseñaron a portada e fixeron posible a contraportada.

Sen a súa inestimable axuda e colaboración, este proxecto non podería ter saído á luz. Grazas!!!

Elaborado coas fotografías e ilustracións realizadas polos/as participantes no concurso:

"Un mes, unha ilusión"

